

Universidade de Vigo 11 de xuño de 2003

A Comisión de Política de Emprego creouse no seu día coa finalidade de consensuar entre a Xerencia e os órganos de representación do Persoal de Administración e Servicios tódolos problemas que se puideran dar na contratación temporal no seo da Universidade de Vigo.

O Claustro da Universidade de Vigo na sesión celebrada os días 22 e 27 de novembro de 1995 aprobou o Regulamento do Persoal de Administración e Servicios que nos seus artigos 17,18 e 19 reconece, capacita e dota de competencias a esta Comisión.

O Acordo de Política de Emprego, que regula o funcionamento de dita Comisión, foi asinado, no seu día, por tódalas partes e nas distintas cláusulas regulase, polo miúdo, o compromiso adquirido. Durante anos esta comisión foi debidamente convocada e dentro dela se resolveron moitos problemas que facilitaron a toma de acordos nesta área tan sensible e importante.

A Xerencia que vostede dirixe fai meses que non convoca a esta Comisión e o non facelo está incumprindo o espírito e a letra dun pacto que sempre axudou a mellorar o funcionamento e a calidade dun servicio esencial. Para demostrar o que estamos a dicir basta recordar os seguintes apartados do Acordo:

2.- A Xerencia da Universidade comprométese por medio do presente Acordo a non formalizar contratos de persoal eventual para postos de administración e servicios, nin proceder ó cesamento dos mesmos sen contar co acordo vinculante da Comisión de Política de Emprego que se recolle no presente texto.

3.- Serán funcións da Comisión de Política de Emprego a aprobación e control das contratacións temporais na Universidade, o establecemento de listas de agarda e, en xeral, todo o referente á contratación de persoal eventual no marco do disposto no presente Acordo.

Por todo o exposto e polos problemas que se están a dar na xestión das listas de agarda, na contratación temporal, e nos contratos que se están a facer co persoal contratado a través dos acordos con outras administración,

a **Xunta de Persoal do PAS funcionario** e os **Comités de Empresas** lle instamos a que convoque de forma inmediata a Comisión de Política de Emprego para dar conta, cando menos, dos seguintes asuntos:

- Xestión das listas de agarda
- Informe dos ceses e das contratacións previstas na OFOE.
- Informe das contratacións que se van a realizar a través do Programa Labora.
- Informe do procedemento que vai a seguir para substituír a baixa da analista do Servicio Informático de Xestión.
- Informe do resto das contratacións realizadas dende a anterior reunión.

Pola Xunta de Persoal PAS

Polo C. E de Ourense

Polo C. E. de Pontevedra

Xoán M. Cebro Rodríguez

M^a Jesús Losada Rodríguez

Manuel Velasco Graña